

# INSTRUCCIÓN 2/2021, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2021-2022

## -CONTIDOS DA INSTRUCIÓN

<u>1. ÁMBITO DE APLICACIÓN</u>	<u>2</u>
<u>2. FUNCÍONS E TAREFAS RELACIONADAS CO COMEDOR ESCOLAR</u>	<u>7</u>
<u>2.1. DIRECTOR/A DO CENTRO</u>	<u>7</u>
<u>2.2. ENCARGADO/A DO COMEDOR</u>	<u>8</u>
<u>2.3. COLABORADORES</u>	<u>9</u>
<u>2.4. ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS</u>	<u>14</u>
<u>2.5. PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR</u>	<u>14</u>
<u>3. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACÍONS ECONÓMICAS VINCULADAS Á XESTIÓN E ATENCIÓN DO COMEDOR ESCOLAR</u>	<u>15</u>
<u>3.1 DIRECTOR/A E ENCARGADO/A</u>	<u>15</u>
<u>3.2 PERSOAS DE ATENCIÓN E VIXILANCIA AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR</u>	<u>15</u>
<u>3.3. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</u>	<u>16</u>
<u>4. NÚMERO DE PRAZAS DE COMEDOR AUTORIZADAS</u>	<u>17</u>
<u>5. SELECCIÓN E ADMISIÓN DE USUARIOS</u>	<u>18</u>
<u>6. PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.</u>	<u>21</u>
<u>6.1 PROCEDEMENTO DE AUTODECLARACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO COMEDOR</u>	<u>21</u>
<u>6.2. ESTRUCTURA E CARACTERÍSTICAS DOS PREZOS PÚBLICOS DO COMEDOR ESCOLAR</u>	<u>25</u>
<u>6.2.1. SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS</u>	<u>25</u>





<b>6.2.2. CONTÍAS DOS PREZOS PÚBLICOS</b>	<b>25</b>
<b>6.2.3. BONIFICACIÓNS DOS PREZOS PÚBLICOS</b>	<b>26</b>
<b>6.2.4. USUARIOS GRATUÍTOS DO SERVIZO</b>	<b>28</b>
<b>6.2.5. CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E RENDA FAMILIAR ANUAL NETA PER CÁPITA</b>	<b>29</b>
<b>6.2.6. PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS</b>	<b>32</b>
<b>6.2.7. CONSEQUENCIAS DA FALTA DE PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS</b>	<b>35</b>
<b>7. AMPLIACIÓN DE PRAZAS DE COMEDOR</b>	<b>36</b>
<b>8. USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS</b>	<b>37</b>
<b>9. FINANCIAMENTO E CONTROL DO GASTO NOS COMEDORES ESCOLARES</b>	<b>38</b>
<b>9.1 IMPORTE DAS AXUDAS OU BOLSAS PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO</b>	<b>38</b>
<b>9.2 CONTROL DO GASTO NOS COMEDORES ESCOLARES.</b>	<b>39</b>
<b>10. CENTROS CON SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR</b>	<b>42</b>
<b>11. ACCESO AO SERVIZO POR PARTE DE ALUMNADO ESCOLARIZADO EN CENTROS QUE NON LLES CORRESPONDEN POR ÁREA DE INFLUENCIA</b>	<b>42</b>
<b>12. RELACIÓN NOMINAL DE USUARIOS DO SERVIZO E NÚMERO DE COMENSAIS</b>	<b>44</b>
<b>ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS</b>	<b>56</b>
<b>ANEXO III DECLARACIÓN</b>	<b>62</b>
<b>ANEXO IV ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021-2022.</b>	<b>63</b>
<b>ANEXO V CERTIFICADO DE EXPOSICIÓN E RESULTADO DO ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA</b>	



**COMUNIDADE EDUCATIVA, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS  
NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO  
COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021-2022.-----64**

**ANEXO VI – CERTIFICACIÓN DE CUBERTOS-----66**

**ANEXO VII. MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE: PROTOCOLO  
COVID-19.-----71**

**-CONTIDOS DA INSTRUCIÓN**

**1. Ámbito de aplicación**

Esta instrución aplícase durante o vindeiro curso escolar 2021-2022 aos comedores escolares de xestión directa dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería ou contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola Administración Educativa.

De acordo co previsto no artigo 2.1 da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio,



de educación, a área de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio no que o menor conviva cos seus pais ou titores legais ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.

Considerarase como domicilio familiar o habitual de residencia das/os representantes legais do alumnado ou, se é o caso, o das alumnas e alumnos menores de idade que co consentimento dos pais vivan en domicilios distintos dos daqueles.

Cando os representantes legais do alumnado vivan en domicilios diferentes, considerase como domicilio familiar o daquel con quen este conviva.

O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión ao comedor, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

Con carácter excepcional, poderá considerarse como domicilio familiar o de outras/os familiares cos que efectivamente conviva a alumna ou alumno, sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación expedida para tal efecto polo concello, a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.



No caso das/dos menores en situación de acollemento para acreditar o domicilio habitual do menor, as familias de acollida presentarán fotocopia da resolución ditada pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Política Social expedida para o efecto.

O domicilio do lugar de traballo de calquera das/dos nais/pais ou titores legais acreditarase do seguinte modo:

a) No caso das persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or, xunto cunha copia do contrato de traballo, así como copia dos documentos do Recibo de liquidación de cotización (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT) correspondentes.

b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas.

c) No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

## **1.2. Protocolo de funcionamento do comedor escolar.**

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en



materia de educación, aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

Neste protocolo regularase, entre outros supostos, o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante, a cal se distribuirá exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona, de conformidade co previsto na Instrución 3/1017 do 23 de marzo.

### **1.3 Medidas de protección e seguridade: protocolo covid-19**

a) Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais o pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.

b) Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

c) Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos

d) O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.



e) Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.

f) Cando se utilicen mamparas estas terán altura suficiente e de, cando menos 0,60cm cando se sitúen sobre o mesado.

g) Cando con ningunha das combinacións previstas no apartado anterior sexa suficiente para garantir o servizo, as medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:

- Utilizar espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpran os requisitos previstos nos puntos anteriores.
- Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado á rateo dos comensais que coman en cada quenda.

h) Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

No Anexo VII detállase un esquema dos posibles escenarios do comedor escolar.

## **2. Funcións e tarefas relacionadas co comedor escolar**

### **2.1. Director/a do centro**

A función de dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que exerza a dirección do centro, que desempeñará as funcións



que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de verificar o axeitado cobramento das cantidades que, no seu caso, correspondan aos usuarios polo servizo de comedor.

Neste senso, os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.

É responsabilidade da Dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

Neste sentido, constatados os impagos, a Dirección do centro reunirá ao Consello Escolar, que, no seu caso, acordará a perda polo comensal debedor da súa praza de comedor e a continuación dita Dirección impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á





oportuna regularización dos pagamentos.

A plataforma de intermediación de datos existente permitirá cruzar os datos de renda neta familiar per cápita autodeclarados polos suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos públicos de comedor escolar cos datos de renda neta familiar per cápita contidos nas correspondentes declaracións do IRPF de ditos suxeitos.

A tal efecto, antes do 30 de setembro do ano actual as/os directoras/es dos colexios especificarán, na relación nominal prevista no apartado 12 da presente Instrución, a identidade e circunstancias dos comensais, beneficiarios de gratuidade no pagamento dos prezos públicos por atoparse nos supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto. Dita información permitirá eximilos do cruzamento anteriormente referido, o cal, unha vez feito, será enviado a cada centro a fin de que, coa dita información, as direccións dos centros de ensino poidan cumprir as obrigas asignadas no Decreto e na Orde anteriormente citados.

Así mesmo, na última semana de cada trimestre do vindeiro curso 2021-2022 as/os Directoras/es reportarán ao Servizo de Xestión de Comedores Escolares, calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, para os efectos da oportuna regularización dos pagamentos efectuados e ás decisións de apartamento e perda da praza de comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.



As/os directoras/es dos centros poderán delegar voluntariamente nun membro do claustro de profesores a súa presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este, se ben manterán as súas responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores. Neste caso, o docente delegado utilizará a praza do comedor reservada á/ao director/a, percibindo, en lugar de esta/e, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

## 2.2. Encargado/a do comedor

A persoa encargada do comedor desempeñará **a totalidade** das funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación co artigo 10.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007, requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor escolar.

Esta persoa terá, preferentemente, a condición de persoal docente do centro, sexa membro ou non do equipo directivo. Exclusivamente naqueles supostos nos que, por esixencias organizativas dos centros resulte do todo imposible cumprir este requisito, tal labor poderá ser realizado, logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente, por persoal non docente que non teña atribuídas tarefas de cociña que incompatibilicen a súa presenza no comedor ou por outra persoa integrante da comunidade escolar que se preste voluntariamente.

Estes últimos deberán ser nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso 2021-2022 estudos no centro



docente respectivo, os cales, antes de asumir o cometido de encargado do comedor, deberán asinar a declaración que se xunta como Anexo III da presente instrución, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

Non poderán estas persoas integrantes da comunidade escolar desempeñar as funcións de encargado de comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que os realizaron durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2020-2021. Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, a Xefatura Territorial correspondente poderá, mediante autorización expresa para o efecto, excepcionar o cumprimento da regra xeral sinalada.

As persoas que realicen funcións de encargado/a de comedor que non teñan a condición de persoal do centro, non poderán realizar máis funcións que as sinaladas no artigo 10 da Orde do 21 de febreiro de 2007, con exclusión expresa daquelas tarefas de compras e aprovisionamentos dos comedores.

### **2.3. Colaboradores**

As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 9 do Decreto 132/2013, en relación co artigo 8.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007.

#### Persoal do centro

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na



atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as, educadores de educación especial, auxiliares de enfermaría e análogos con alumnado ao que asistan no comedor etc).

### Demais membros da comunidade educativa

Se fose precisa a participación dun membro da comunidade educativa que careza de relación funcional ou laboral coa consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor, esta persoa, antes de asumir tal cometido, deberá asinar a declaración que se xunta como Anexo III da presente instrución, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

Tales funcións de colaboración no comedor só poderán ser desempeñadas por nais, pais, titores legais ou acolletores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso 2021-2022 estudos no centro docente respectivo.

Estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboración no comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que as realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2020-2021. Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Xefatura Territorial que corresponda, excepcionalmente o cumprimento da regra xeral sinalada.

Con carácter excepcional, amplíase a posibilidade de colaborar



voluntariamente nas tarefas de atención e vixilancia nos comedores escolares, por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, nin colaboradores directos dispoñibles previstos ordinariamente en número suficiente, a outros familiares dos alumnos comensais, a ex-colaboradores deste servizo, a persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como a persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs). Esta colaboración voluntaria a desenvolverán nos mesmos termos previstos na lexislación sectorial educativa ao respecto dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado. A ampliación manterase mentres dure a aplicación das medidas educativas e sanitarias para paliar os efectos da pandemia.

### Procedemento de selección

A partir do 22 de xuño de 2021 e ata o 8 de setembro de 2021, exporase nos centros escolares o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2021/2022, que se recolle como Anexo IV desta instrución.

Rematado o referido prazo, a dirección do centro, tras acordo do consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2021-2022 van a colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo aquelas idóneas, que non tiveran oportunidade no curso 2020-2021 de colaborar no comedor escolar durante máis de 36 días.



No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores durante máis de 36 días no curso anterior non cubrira as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 ou da que corresponda, no caso de aprobarse unha nova orde que a substitúa, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais, titores legais ou acolletores familiares de alumnos matriculados nos centros aínda que xa actuaran voluntariamente durante máis de 36 días no curso 2020-2021.

Para estes efectos, as direccións dos centros terán que presentar ante as Xefaturas Territoriais correspondentes os certificados de exposición e o resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2021-2022, recollidos como Anexo V desta instrución.

A antedita autorización provisional estenderase ata o 22 de decembro de 2021, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso 2021-2022, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior, o anuncio recollido no Anexo IV da instrución estará exposto ata a citada data.

Porén, as listas provisionais de seleccionados pecharanse en cada centro de ensino no momento no que se cubra o número de colaboradores necesarios, sen prexuízo de que, no caso de estaren seleccionados excepcionalmente nais e pais que colaboraron no curso anterior, de recibirse ata o 22 de



decembro solicitudes de colaboración de outros membros idóneos da comunidade educativa que non colaboraran no curso anterior, estes últimos ocupen o lugar daqueles.

Entre o 10 e o 14 de xaneiro de 2022 as direccións dos centros remitirán ás Xefaturas Territoriais os certificados de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2021-2022, referido no Anexo III desta instrución.

As Xefaturas Territoriais, á vista dos seus resultados, autorizarán definitivamente para o curso 2021-2022, aos membros da comunidade educativa aceptados para colaborar nas tarefas de atención e coidado do alumnado usuario do comedor escolar que poden continuar colaborando, pese a que o fixeran durante máis de 36 días no curso anterior, por non existir solicitudes suficientes de pais, nais, titores legais ou acolledores familiares que non colaboraran durante o curso 2020-2021.

As persoas elixidas como colaboradores poderán ser relevadas polo Consello Escolar correspondente cando, ao xuízo deste órgano, perdan a idoneidade requirida para o efecto.

O 29 de xullo do 2015 publicouse a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que modificou a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor. A nova lei establece textualmente, no seu artigo 13.5 o seguinte:



*“Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”*

Ao obxecto de garantir o cumprimento das citadas normas e no marco establecido por elas, a todas as persoas que desexen colaborar no comedor escolar deberáselles esixir que acompañen coa solicitude de colaboración a acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

As persoas elixidas como colaboradores deberán achegar NIF, ou no seu caso NIE, así como certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta, aos efectos de poder realizarlles os correspondentes pagamentos.

Nos centros de ensino con comedores que teñan autorizados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería un número de colaboradores, que non poida cubrirse con persoal destinado no centro e cos pais, nais, titores legais e acolledores familiares dos escolares do mesmo, abrírase unha lista de inscrición de novos colaboradores voluntarios que reúnan a condición de





seren familiares dos alumnos comensais, ex-colaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como persoal que participe en programas de voluntariado social (concellos, ONGs)

Dita lista permanecerá aberta ao longo de todo o curso 2021-2022 e os solicitantes para seren inscritos deberán aportar documentación acreditativa ou declaración xurada, na que se especifiquen as características das persoas voluntarias, así como un certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual.

Estas persoas admitidas como colaboradores cesarán na súa actividade voluntaria no comedor escolar no caso de que no centro de ensino se reciba petición de colaborar proveniente de persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou de pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado escolarizado no centro, así como no momento da finalización da aplicación das medidas educativas e sanitarias motivadas pola pandemia.

## **2.4. Acumulación de funcións**

No caso excepcional de que se acumulen funcións, unicamente poderá percibirse un só complemento retributivo ou compensación económica.

As funcións de director/a e encargado/a non poderán acumularse nunha soa persoa. Unicamente nos casos en que resulte imposible encomendalas a persoas distintas, e con carácter excepcional, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar expresamente a acumulación dos dous



cometidos para o curso 2021-2022, tendo en conta que as funcións de director/a só poderán ser desempeñadas por quen exerza a dirección do centro.

## **2.5. Persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar**

Este persoal desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación ao artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007. Primordialmente encargaranse da recepción e comprobación da salubridade das materias primas requiridas, así como da súa axeitada conservación e da elaboración dos menús e o seu servizo ás mesas dos usuarios e da limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.

## **3. Complementos retributivos e compensacións económicas vinculadas á xestión e atención do comedor escolar**

### **3.1 Director/a e encargado/a**

O importe do complemento por servizos extraordinarios ou, no seu caso, da compensación económica polos gastos de dedicación establecidos para o/a director/a do centro e o/a encargado/a do comedor abarcan a realización **da totalidade** das funcións e tarefas atribuídas normativamente, cifrándose en 14,46 €, por día de asistencia efectiva ao comedor, con independencia do número de quendas de comedor existentes.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño do respectivo curso escolar. Ás mesmas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.



### **3.2 Persoas de atención e vixilancia ao alumnado usuario do comedor**

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o persoal docente e non docente do centro ou da compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola colaboración no comedor que percibirán os membros da comunidade escolar (nais, pais titores legais ou acolledores familiares do alumnado), será de 12,50 € por día de asistencia efectiva ao comedor, con independencia do número de quendas de comedor existentes.

Os importes resultantes aboaranse mediante os tres pagamentos indicados no punto anterior. Ás compensacións económicas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

Os aboamentos realizaranse tomando como fonte de información a que proporcione a aplicación COMEDORES.

Aos efectos de poder rexistrar na aplicación COMEDORES as colaboracións dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares, estes deberán achegar NIF, ou no seu caso NIE, así como certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta.

### **3.3. Documentación xustificativa**

As xefaturas territoriais achegarán, para a xustificación dos pagamentos dos complementos e compensacións en concepto de colaboración no comedor, copias das decisións dos centros seleccionando aos colaboradores, así



como, no seu caso, as autorizacións das propias xefaturas para actuar como encargados (cando sexan membros da comunidade educativa) ou colaboradores (neste caso cando xa o fixeran durante un mínimo de 36 días no curso pasado).

Os ditos complementos e compensacións xestionaranse en tres períodos de tempo ao longo do curso escolar, os correspondentes aos meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño.

Os pagamentos aos colaboradores xestionaranse no mes seguinte ao último de cada período trimestral, é dicir nos meses de xaneiro, abril e xullo. O proceso farase a través da aplicación informática COMEDORES, tomando como fonte de información a que a mesma proporcione. Neste senso, unha vez que os centros educativos realicen a carga de datos dos colaboradores, pecharán as certificacións de persoas e días de colaboración e enviaranas aos Servizos Territoriais para que as validen. Posteriormente nesta Secretaría Xeral Técnica se continuará coa tramitación do expediente, elaborando unha única certificación por cada Servizo Territorial, que, xunto coa documentación complementaria correspondente, se enviará á Intervención Delegada para que fiscalice e contabilice o gasto. Finalmente, a Dirección Xeral. de Política Financeira e do Tesouro realizará o oportuno pagamento á conta do habilitado de cada Servizo Territorial, quen, a súa vez, procederá aos pagamentos efectivos mediante transferencia bancaria ás contas dos colaboradores.

Resulta básico non retrasar ningunha das operacións descritas, dado que, tendo en consideración a cifra de máis de 300 centros educativos de xestión



directa con comedor escolar, calquera demora xerada nun deles afecta á tramitación da totalidade de cada expediente provincial, polo que os centros educativos deberán pechar as certificacións a través da aplicación informática COMEDORES antes do 23 de decembro de 2021, antes do 8 de abril de 2022 e antes do 28 de xuño de 2022 para cada un dos correspondentes períodos anteriormente descritos.

#### **4. Número de prazas de comedor autorizadas**

O número de prazas de comedor a ter en conta para facer a selección provisional e definitiva de comensais será o autorizado para cada centro no Anexo I da presente instrución.

Nese número máximo entenderanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director/a, encargado/a, persoal de cociña, persoal colaborador e coidadores e análogos, no seu caso).

#### **5. Selección e admisión de usuarios**

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2021-2022, de xeito que, de existiren máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, de conformidade co esixido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará **a totalidade** das ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21/02/2007, de acordo coa seguinte orde de preferencia:



1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 1/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2021-2022.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia,



6. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.

7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa única referencia de nomes e apelidos dos usuarios e da posición ocupada nas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.

Unha vez resoltas as ditas alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o dito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista de reserva, que volverán a ser expostas no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da Consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.



Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días

## **6. Prezos públicos do servizo de comedor escolar.**

### **6.1 Procedemento de autodeclaración dos prezos públicos pola utilización do comedor**

De conformidade co previsto no artigo 14 do Decreto 132/2013 os centros farán chegar ás familias dos comensais admitidos ao comedor o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos recollido no Anexo II desta instrución; autodeclaracións que deberán ser entregadas nos centros cubertas en todos os seus extremos antes do 08/09/2021.

Mediante este impreso os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2020, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía do prezo público que lles corresponde aboar, de acordo cos tramos fixados no citado Decreto.

Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, **a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar** á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente á consellería para consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, os cales lle serán subministrados á





Administración Educativa pola pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado, mediante a Plataforma de Intermediación de Datos.

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar, mediante a presentación da documentación acreditativa da declaración do IRPF efectuada ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á **renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2020**, anterior ao presente ano.

Non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 6.2.4 desta instrución, agás no caso dos alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € que si terán que facela.

As unidades familiares incluídas neste último suposto terán que cubrir e presentar no centro a autodeclaración, autorizando expresamente a comprobación telemática dos datos manifestados, ou, no caso de non autorizala, achegando o documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2020.

As unidades familiares que se atopan nos restantes supostos previstos no



punto 6.2.4 da instrución soamente terán que presentar nos centros a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade, referidas no citado punto.

Os centros cargarán na aplicación COMEDORES os datos contidos nas autodeclaracións e na documentación acreditativa recibida, a fin de que se proceda no seu caso, ás comprobacións telemáticas ás que houbera lugar.

No caso de que o modelo de autodeclaración presentado careza da información de datos relevantes, como nomes dos obrigados tributarios, números dos DNI, identificación dos membros da unidade familiar e as súas datas de nacemento, ou de que non teña marcada a casilla correspondente ao tramo que lle corresponda, a dirección do centro advertirao ao interesado, que disporá de 10 días naturais para corrixir as deficiencias e presentar axeitadamente o modelo, advertíndolle de que, de non facelo, será encadrado de oficio no tramo de pagamento correspondente a 4,50€ por día de servizo.

Aos efectos de orientar ás familias sobre o cálculo do importe dos prezos públicos polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

A consellería, de conformidade co procedemento e consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, de seren erróneos os datos de renda



autodeclarados, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento de prezos públicos, nas que se efectuarán correccións dos importes a aboar.

A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a consellería poderá facer en todo momento as comprobacións de renda que resulten necesarias.

Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nos prezos públicos en adiante, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.

Así mesmo, a consellería poderá durante o curso escolar axustar os importes dos prezos públicos de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro, de duración superior a 6 meses, de calquera membro da unidade familiar.

Este período de 6 meses deberá ser continuado e para os efectos de que se poida acreditar unha diminución de ingresos que supoña un cambio no tramo autodeclarado será necesario presentar ante a dirección do centro educativo a seguinte documentación:

- Certificado do INEM no que se acredite a súa situación de máis de 6 meses en paro e resolución na que figure o importe que lle corresponde cobrar no ano 2021 polo subsidio de desemprego, ou por calquera outra prestación, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro.



- Documento acreditativo dos ingresos dos restantes membros da unidade familiar no exercicio 2021, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro, a través das nóminas, así como de xustificantes acreditativos de calquera outro ingreso.

- Nova autodeclaración, en base a estes novos datos e deducidas, no seu caso, as retencións por IRPF e Seguridade Social.

Como consecuencia desta diminución de ingresos por paro, calcularase a nova renda per cápita da unidade familiar en base unicamente aos ingresos do exercicio 2021, o que podería conlevar un novo tramo de pagamento do prezo público ou manter o existente.

## **6.2. Estrutura e características dos prezos públicos do comedor escolar**

### **6.2.1. Suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos públicos**

Estarán obrigados ao pagamento de prezos públicos pola prestación do servizo de comedor, en base ao disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013:

a) Os pais, nais, titores legais, en nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito a gratuidade total do servizo de comedor.



## 6.2.2. Contías dos prezos públicos

O uso do servizo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013, dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos suxeitos obrigados:

a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no artigo 12.2.1 do Decreto.

b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no artigo 12.2.2 do Decreto.

c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e



alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

### 6.2.3. Bonificacións dos prezos públicos

Nos termos previstos no artigo 12 do citado Decreto 132/2013, co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a consellería asumirá, total ou parcialmente, o seu custo nos seguintes supostos:

a) Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €



b) Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

#### 6.2.4. Usuarios gratuítos do servizo

Segundo establece o artigo 11 do citado Decreto 132/2013, serán usuarios gratuítos os seguintes:

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.



-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

-O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.

-Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a este, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

-O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

Nos casos nos que tal labor se realice de xeito discontinuo e existan prazas vacantes dentro do máximo das autorizadas no comedor, o persoal do centro, estando as necesidades de colaboración cubertas, deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor,

-Os pais, nais, titores legais e acolletores familiares de alumnos matriculados





en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais exclusivamente durante os días concretos en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

### **6.2.5. Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita**

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, **o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.**

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

#### **1.- No caso de matrimonio:**

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

*Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.*

#### **2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:**

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior



(os supostos a) ou b) do apartado 1).

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
  
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
  
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.
  
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”

**A renda neta per cápita familiar** obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2020:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:



casiña 435 + casiña 460 – casiña 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

### Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións



procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.

#### **6.2.6. Pagamento dos prezos públicos**

Nos termos establecidos no artigo 15 do Decreto 132/2013, o pagamento mensual dos prezos públicos pola utilización do comedor escolar producirase de acordo coas seguintes pautas:

Satisfarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlles obrigatoriamente aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor antes das 9.45 horas de cada día se queren que eses días nos sexan tidos en consideración nos pagamentos.

Entenderanse notificadas as liquidacións dos prezos públicos coa posta a disposición dos obrigados tributarios, nos 5 primeiros días naturais de cada mes, dos impresos de pagamento nos que constarán os elementos esenciais das cantidades a aboar. En calquera caso, a liquidación dos prezos públicos



entenderase efectuada para todos os efectos o día 5 de cada mes.

En xeral, o pagamento dos prezos públicos poderase efectuar nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda da forma que se explica mais adiante.

Unha vez elaboradas as listas de comensais admitidos, os centros cargarán, xunto coas características dos usuarios sinaladas nas súas autodeclaracións e na documentación aportadas na aplicación COMEDORES. Durante os meses seguintes, os centros irán confirmando os días de asistencia ao comedor, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, modificacións no tramo de pagamento etc.) que se produza en relación cos comensais.

Os datos dos usuarios remitiranse ao CIXTEC, que xerará cada mes tantos impresos de autoliquidación dos prezos, cubertos en todas as súas casillas, como usuarios pagadores teña cada centro. Cada impreso terá o seu propio código de identificación para o seu seguimento posterior.

As formas de pagamento serán as seguintes:



## Pagamento nas entidades autorizadas pola Consellería de Facenda

Unha vez cargados os datos de uso do comedor do mes que corresponda, os centros, a través da aplicación COMEDORES e seguindo as indicacións da citada aplicación, descargarán os impresos de pagamento e poranos a disposición dos suxeitos pagadores. Os centros poderán asistir aos suxeitos obrigados que asinarán os impresos en proba de conformidade, tras verificar a súa idoneidade.

O conseguinte ingreso das cantidades que corresponda, realizarase en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos desta comunidade autónoma.

Os suxeitos obrigados conservarán os xustificantes do “pagamento para o interesado” e presentarán nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de depósito, para os efectos de complementar as posteriores comprobacións que deban efectuarse.

## Pagamento a través do Espazo Abalar

Así mesmo, os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do Espazo Abalar sen necesidade de acudir ao centro para obtelos. Ademais, o pagamento por esta vía é comunicado automaticamente á aplicación COMEDORES, polo que os suxeitos que empreguen este sistema non terán que presentar xustificante algún no centro.



## Pagamento a través da Oficina virtual tributaria

Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria (<http://www.conselliadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>) para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os suxeitos que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.

Os centros poderán comprobar a adecuación ou o desfase entre os datos ideais de pagadores e os efectivamente realizados cada mes, para o que contarán co apoio da pantalla “control de pagos” da aplicación COMEDORES.

### **6.2.7. Consecuencias da falta de pagamento dos prezos públicos**

Os centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos e que estes sexan correctos, toda vez que a falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

## **7. Ampliación de prazas de comedor**

Unha vez aprobadas as listas definitivas de comensais, os centros poderán cursar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería as solicitudes de ampliación



do número máximo de prazas autorizadas ao remate do curso 2020-2021, en función do número de solicitudes provenientes das listas de espera confeccionadas, das escolarizacións tardías e da resolución favorable de recursos de alzada. As solicitudes de ampliación de prazas serán realizadas preferentemente no mes de setembro de 2021.

**Sempre que as dispoñibilidades orzamentarias e de persoal de cociña o permitan**, autorizaranse pola Secretaría Xeral Técnica as peticións cursadas, a fin de cubrir na medida do posible a demanda insatisfeita existente nos centros.

En todo caso, darase prioridade aos incrementos de prazas derivados sucesivamente das seguintes circunstancias:

- Da declaración de escolares en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Da declaración de escolares con discapacidade acreditada igual ou superior ao 33% .
- Da demanda de alumnado xa escolarizado no centro ou incorporado tardiamente, que, sendo usuario lexítimo e continuado do transporte (domicilio a máis de 2 km do centro escolar e utilización en días fixos das semanas do calendario escolar), careza de transporte ao mediodía.
- Da escolarización no centro de novo alumnado, como consecuencia do aumento ou introdución de unidades ou grados educativos, da fusión e supresión de centros de ensino, de derivacións das comisións de escolarización relativas a centros con ocupación máxima.





Os usuarios para os que se solicite a ampliación non poderán incorporarse ao comedor ata que o autorice a Secretaría Xeral Técnica e así lle sexa comunicado á dirección do centro.

## 8. Uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros

Esta Secretaría Xeral Técnica, **sempre que as condicións dos locais o permitan e non resulte necesario ampliar o persoal de cociña existente,** poderá autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

**A autorización condicionarase a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda** en función do número de alumnos comensais incorporados ao comedor, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f) da Orde do 21 de febreiro de 2007.

Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do citado centro e, en todo caso, polo menos **un deles, que será quen exerza facultades de garda, control e disciplina, deberá ser membro do equipo docente do centro que careza de comedor.**

## 9. Financiamento e control do gasto nos comedores escolares

### 9.1 Importe das axudas ou bolsas para o financiamento do servizo

O importe diario que se establece como axuda ou bolsa para o financiamento do servizo de comedor escolar será, en función da clasificación dos



comedores, o seguinte:

Tipo comedor	Bolsas	E. Infantil/Primaria	E. Secundaria
A		2,28 €	2,40 €
B		2,05 €	2,37 €
C		2,01 €	2,34 €
D		1,97 €	2,28 €
E		1,93 €	2,22 €
F		1,89 €	2,16 €
Bolsas Escola - Fogar		6,93 €	6,93 €

Nos centros que impartan ensinanzas de hostalaría ou similares que requiran a realización de prácticas de cociña e funcione o servizo de comedor escolar, a cantidade para cubrir o custo diario do cuberto será de 3,73 €, independentemente da categoría do comedor.

O cálculo dos importes das bolsas que lle correspondan a cada centro será realizado a través da aplicación informática COMEDORES. A tal efecto, para o importe que corresponda en función do tipo de bolsas e do número de usuarios para o período setembro - decembro 2021, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos entre o 18 ao 22 de outubro de 2021; para o período xaneiro-marzo 2022, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos do 10 ao 14 de xaneiro 2022; e para o período abril-xuño 2022, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos do 4 ao 8 de abril de 2022.

## 9.2 Control do gasto nos comedores escolares.



Corresponde ás comunidades educativas dos centros, representadas polos respectivos consellos escolares, a organización, administración e xestión económica dos comedores escolares xestionados pola consellería competente en materia de educación.

A xestión económica do comedor escolar, ademais de constar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, levarase un rexistro de gastos e un rexistro de ingresos do servizo de comedor, cuxa xustificación será presentada cada trimestre e e ao final de cada curso escolar, xunto coas facturas e demais documentos acreditativos dos ingresos percibidos e dos gastos realizados, polo director do centro ao servizo territorial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar. As facturas deben figurar emitidas a nome do centro educativo, describirán os subministros realizados, e non poderán figurar con rachaduras ou emendas (Os tickets de caixa e albarás non son facturas xustificativas do gasto realizado). Os pagamentos deben ser realizados preferentemente mediante transferencias bancarias, ou a través de cheques bancarios a nome dos correspondentes provedores.

A documentación xustificativa anteriormente citada será enviada á correspondente xefatura territorial dentro do mes seguinte a cada trimestre e ao remate do curso escolar, preferentemente a través de copia compulsada dos orixinais.



Desde a específica conta de comedor xestionarase de xeito exclusivo a totalidade de ingresos e gastos relacionados co comedor escolar, non podendo mesturarse as sumas relacionadas con este servizo cos demais gastos de funcionamento do centro ou que correspondan a achegas dos pais/nais para fins distintos ao comedor escolar, como pode ser para actividades extraescolares.

Os ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar non poderán dedicarse a fins distintos deste.

De acordo co anterior non se poden realizar pagamentos con cargo á conta de comedores, entre outros, dos seguintes gastos :

- Pagamentos a persoal docente ou non docente que preste servizos no centro educativo, incluído persoal dependente doutras administracións públicas.
- Pagamentos a colaboradores na xestión do comedor escolar que colaboran en base ao apartado 2.3 desta Instrución.
- Pagamentos de gastos por desprazamentos.
- Pagamentos de facturas nas que non conste que as mesmas están emitidas a nome do centro educativo, figurando os CIF correspondentes a empresa e ao centro educativo, polo que non procede realizar o pagamento de tickets de caixa, albaráns, facturas nas que figuren rachaduras ou emendas, así como facturas nas que non se detallan os subministros que correspondan.
- Pagamentos de facturas por obras, servizos ou subministros que non estean directamente relacionadas co comedor escolar do centro



(Exemplo pagamento de obras de abrilantamento e pulido de terraza no centro educativo, reparacións feitas nas instalacións do centro educativo, adquisición de material informático, etc...)

- No caso de que determinados gastos poidan afectar conxuntamente a xestión do comedor escolar e ao funcionamento do centro (gasóleo para caldeira mixta de calefacción e auga quente, actuacións de desinsectación), o centro poderá cargar a parte proporcional que de xeito razoado lle corresponda ao servizo de comedor escolar.

No rexistro de gastos do servizo de comedor escolar sinalado incluíranse as adquisicións de mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor recibidos cada curso escolar da consellería con competencias en materia de educación.

Os consellos escolares dos centros poderán utilizar o 20 % dos remanentes existentes no segundo trimestre de cada curso escolar na conta de comedor para mellorar as instalacións dos comedores escolares como gastos menores.

## **10. Centros con servizo de transporte escolar**

A admisión de alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG núm. 132, do 9 de xullo), interpretada de acordo coa instrución 1/2021 da Secretaría Xeral



Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2021-2022.

## **11. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia**

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

**Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores na atención dos alumnos comensais o permitan sen requirir o seu aumento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fora de área.**

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Segundo establece a disposición adicional primeira do Decreto 132/2013, estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que aboar, en concepto de prezo público a



cantidade de 4,50 € por día de servizo, agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estea a tramitar procedementos de zonificación, que, mentres non rematen definitivamente, posibilitarán o pagamento do prezo público polos alumnos escolarizados fora da súa área de influencia de acordo coas regras xerais establecidas no devandito Decreto.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado matriculado nun centro público ou privado ten garantida a súa permanencia nel nos termos establecidos no Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Á vista disto, o alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

## **12. Relación nominal de usuarios do servizo e número de comensais**

Mediante o uso da aplicación informática COMEDORES, a máis tardar o 30 de setembro de 2021, os centros elaborarán a relación nominal do alumnado e os demais usuarios do servizo de comedor, identificando aos usuarios gratuítos, así como aos pagadores nas contías que corresponda.



Aos efectos de facilitar o posterior control dos usuarios do comedor escolar resulta necesario verificar na aplicación comedores que os usuarios figuran correctamente catalogados, especificando, no caso dos usuarios non pagadores que a súa gratuidade deriva de ter unha renda familiar neta per cápita hasta 7.000,00 € ou de atoparse nos supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

Os centros deberán actualizar dita relación cada vez que se produzan cambios no número de usuarios e na condición e características destes, sen prexuízo de que tales modificacións, de ser cuantitativas, precisen previa autorización da Secretaría Xeral Técnica.

Ao longo do curso 2021-2022, os centros irán confirmando na aplicación COMEDORES os días de asistencia ao comedor de todos os seus usuarios de comedor.

Unha axeitada información sobre os comensais reais a través da aplicación COMEDORES require da confirmación do número exacto ao día seguinte ao de desfrute do servizo, ou ben realizar a confirmación a semana vencida.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

